# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE PRÉSARAS
CURSO: ED. PRIMARIA (1º-6º)
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 08-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

**4. Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| **BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | |
| B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade. | PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais: contos, rimas, cancións... (adaptados á súa idade). (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL) |
| B1.2. Comprender preguntas e informacións básicas. | PLEB1.2. Comprende vocabulario, expresións e estruturas previamente traballadas procedentes de diferentes medios de comunicación. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL, da competencia dixital- CD e da competencia para aprender a aprender- CAA) |
| | PLEB1.3. Comprende preguntas sobre si mesmos e outras persoas e entende o que se lle di, en xeral. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL e da competencia para aprender a aprender- CAA) |
| **BLOQUE2 : PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS** | |
| B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas e falar de si mesmo e de persoas do seu entorno, lugares, obxectos... achegando información fundamental. | PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás e da súa interese. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL) |
| B2.2. Participar de forma activa en conversas que requiran un intercambio directo de información. | PLEB2.2. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL, das competencias sociais e cívicas- CSC e da competencia do sentido da iniciativa e do espírito emprendedor- CSIEE) |
| **BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | |
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais | PLEB3.1. Comprende información básica, instrucións e indicacións escrita |

| | |
|---|---|
| en textos escritos. | en notas, anuncios... adaptadas ao seu nivel. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL) |
| | PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito adaptado á súa competencia lingüística e acorde á súa idade. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL) |
| **BLOQUE 4: PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | |
| B4.1. Escribir frases sinxelas e elaborar textos curtos adaptados á súa idade e coa axuda de modelos, utilizando con razoable correccións as conveccións ortográficas e signos de puntuación. | PLEB4.1. Escribe frases sinxelas, completa información e elabora textos curtos relacionados con temas da súa vida cotiá e experiencias, traballados previamente e organizados con certa coherencia e lóxica. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL e da competencia para aprender a aprender- CAA) |
| B4.2. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente. | PLEB4.2. Produce textos escritos en soporte papel ou dixital seguindo o modelo traballado e cunha presentación coidada, ordenada e cunha caligrafía adecuada para a súa idade. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL, da competencia dixital- CD, da competencia para aprender a aprender- CAA e da competencia do sentido da iniciativa e do espírito emprendedor- CSIEE) |
| **BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL** | |
| B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos concretos e significativos. | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira e compáraos cos propios mostrando unha actitude de apertura cara o diferente. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL, das competencias sociais e cívicas- CSC e da competencia para aprender a aprender- CAA) |
| B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e a súa cultura así coma desexos de participar nas actividades. | PLEB5.2. Amosa interese por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura e por comunicarse con ela. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística- CCL, das competencias sociais e cívicas- CSC e da competencia |

| | |
|---|---|
| | sentido da iniciativa e do espírito emprendedor- CSIEE) |
| B5.3. Recoñecer e usar estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | PLEB5.3. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións, ler textos e escribir con léxico traballado previamente. (Tratamento da competencia en comunicación lingüística-CCL e da competencia para aprender a aprender- CAA) |
| B5.4. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos. | |

**→ A adaptación dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe para a materia de lingua estranxeira inglés, aquí reflexados, son comúns para todos os cursos de educación primaria, se ben se valorará cada un atendendo ás capacidades e á idade de cada nivel.**

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>• Avaliación continua sobre as producións e participación dos alumnos e alumnas.<br>• Probas específicas. |
| | Instrumentos:<br>• Probas deseñadas para este tempo a realizar en AV.<br>• Probas deseñadas neste tempo a realizar no caderno ou ordenador e devolver por medios telemáticos.<br>• Preguntas orais online.<br>• Actividades propostas na AV.<br>• Actividades realizadas no caderno, devoltas por medios telemáticos. |
| **Cualificación final** | Con carácter xeral, sumaranse:<br>• O 50% da cualificación obtida na 1ª avaliación<br>• O 50% da cualificación obtida na 2ª avaliación<br>A esta cualificación se lle engadirá un 10% da cualificación obtida durante o tempo de estado de alarma sempre e cando esta fose superior á media anterior.<br><br>Alumnado con ACI.<br>• A avaliación realizarase tendo en conta os apartados da mesma. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | En función do curso e da capacidade de autonomía do alumnado:<br>• Teleclase diaria ou con outra temporalización onde se explicarán as actividades, os contidos se comentarán os avances e se resolverán dúbidas do alumnado.<br>• Actividades diarias a realizar polo alumnado subidas á AV<br>• Actividades de máis longo prazo propostas na AV<br>• Actividades propostas desde o Salón, tamén pola AV.<br>As actividades poderán ser específicas de cada materia ou globalizadas. Todas elas permitirán reforzar ou ampliar contidos.<br><br>O alumnado con ACI realizará actividades específicas de reforzo co apoio persoal posible. |

| | |
|---|---|
| **Metodoloxía (neste caso todos con conectividade):** | Usarase co alumnado os medios telemáticos legalmente dispoñibles:<br>Aula Virtual Moodle do centro<br>Plataforma Agueiro<br>Plataforma de videoconferencia Cisco-Webex.<br><br>Usarase coas familias, sobre todo para atender ao alumnado máis pequeno do centro, os servizos de Whatsapp, Skype ou calquera outro que se considere axeitado.<br><br>PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA NA APRENDIZAXE:<br>• Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación das tarefas.<br>• Gradación das actividades.<br>• Énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe.<br>• Uso da autoavaliación. |
| **Materiais e recursos** | Aula Virtual do centro.<br>Libros de texto.<br>Libros do Salón do centro.<br>Vídeos, audios e outro material complementario facilitado a través da Aula Virtual ou distribuído a través de fotocopias polo persoal presente no centro.<br>Actividades online enlazadas na Aula Virtual.<br>Videoconferencias a través de Cisco Webex ou Whatsapp. |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Teleclase diaria.<br>Mensaxería, comunicación e resultados das tarefas a través da AV coa que o alumnado xa está familiarizado.<br><br>Comunicación ás familias a través do grupo de Whatsapp, que poderá ser conxunta ou individual. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |